



1. Identificación da programación

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 15014556 | Coroso | Ribeira | 2017/2018 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|--------------------------------------|---------------------------|-----------------|------------------------------------|------------------------|
| TMV | Transporte e mantemento de vehículos | CSTMV01 | Automoción | Ciclos formativos de grao superior | Réxime xeral-ordinario |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0295 | Tratamento e recubrimento de superficies | 2017/2018 | 10 | 192 | 192 |
| MPMP02_95 | Protección e igualación de superficies | 2017/2018 | 10 | 100 | 100 |
| MPMP02_95 | Embelecemento de superficies | 2017/2018 | 10 | 92 | 92 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | RAMÓN PÉREZ MARTÍNEZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Supervisada



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de produción, que abrangue aspectos como:

Elaboración de orzamentos de pintura de vehículos.

Planificación dos procesos de preparación e embelecemento de superficies.

Diagnóstico e corrección de defectos.

Establecemento das medidas de protección e seguridade persoal e ambiental.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

Recepción de vehículos na área de pintura.

Organización de procesos de reparación da área de pintura.

Elaboración de orzamentos.

Verificación do acabado.

Planificación dos traballos e entrega de vehículos.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), e), i) e k) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c) e d) do título.

Contextualizando:

Con respecto ó módulo formativo:

- a) Obter un prediagnóstico dos problemas de funcionamento dos vehículos para elaborar a orde de traballo correspondente.
- e) Xestionar a área de recambios de vehículos, tendo en conta as existencias en función das variables de compra e venda.
- i) Administrar e xestionar un taller de mantemento de vehículos, cumprindo as obrigas legais.
- k) Efectuar consultas á persoa adecuada, respectar a autonomía do persoal subordinado e informar cando sexa conveniente.

Con respecto as competencias do ciclo :

- a) Obter un prediagnóstico dos problemas de funcionamento dos vehículos para elaborar a orde de traballo correspondente.
- b) Realizar o diagnóstico de avarías dun vehículo, seleccionando os medios e os equipamentos necesarios, e operando con eles, consonte unha orde lóxica de operacións.
- c) Realizar taxacións e orzamentos na área de carrozaría e electromecánica.
- d) Planificar os procesos de mantemento nun taller de reparación de vehículos, con criterios de cumprimento dos métodos e dos tempos establecidos.

As liñas de actuación no proceso ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

Execución dos procesos de protección, preparación, igualación e embelecemento de superficies.

Aplicación de produtos de protección, preparación, igualación e embelecemento de superficies.

Fundamentos e aplicacións da colorimetría.

Identificación e corrección de defectos nos procesos de pintado.

Realización de orzamentos de reparación.

Aplicación das normas de seguridade, saúde laboral e protección ambiental.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS
PROFESIONAIS



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|---|---|--------------------|----------|
| 1 | Prevención de riscos e tratamento de residuos | Avaliar a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. Relacionar as condicións laborais coa saúde do persoal. Describir os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. Determinar os protocolos de actuación en caso de emerxencia. Clasificar os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. Aplicar a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. Amosar unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. | 3 | 10 |
| 2 | Productos e técnicas de preparación e igualación de superficies | Explicar as características dos produtos utilizados no embelecemento de superficies, en relación coas zonas do vehículo e cos procesos. Describir as características dos equipamentos, das máquinas e dos medios en relación cos procesos. Identificar as capas de protección das superficies, mediante procesos de lixadura. Relacionar os produtos para utilizar coas capas de protección, igualación e embelecemento, en función do material do elemento (metálico ou sintético). Identificar o tipo de pintura do vehículo (sintética, acrílica, monocapa, bicapa, etc.) mediante a técnica do disolvente e da lixa. | 15 | 20 |
| 3 | Aplicación de produtos de preparación de superficies | Seleccionar o procedemento de traballo segundo especificacións de fábrica. Determinar a secuencia de operacións seguindo o procedemento establecido. Determinar o acabado para cumprir as especificacións técnicas e a calidade requirida. Amosar unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. Efectuar as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. | 82 | 20 |
| 4 | Productos e técnicas de embelecemento de superficies | Identificar o tipo de pintura do vehículo (sintética, acrílica, monocapa, bicapa, etc.) mediante a técnica do disolvente e da lixa. Seleccionar o procedemento de traballo segundo especificacións de fábrica. Determinar a secuencia de operacións seguindo o procedemento establecido. Determinar o acabado para cumprir as especificacións técnicas e a calidade requirida. | 18 | 10 |
| 5 | Preparación de pintura | Explicar as técnicas de colorimetría para a obtención de cores a partir das básicas. Explicar a distribución das cores nun círculo cromático e a utilización deste. Identificar a cor da pintura do vehículo mediante o código da placa de características e a carta de cores. Identificar os produtos que haxa que mesturar para a obtención da pintura, para o que se interpretou a documentación técnica de fábrica. Realizar a mestura de produtos segundo especificacións, cos medios estipulados. Realizar ensaios na cámara cromática, e efectuáronse axustes de cor en casos necesarios. | 6 | 5 |
| 6 | Pintado de superficies | Interpretar a documentación técnica do fabricante da pintura, e determináronse os parámetros para axustar a técnica de aplicación. Valorar materiais e tempos empregados no pintado de superficies, axustándose aos baremos establecidos. Enmascarar as superficies que non se vaian pintar, utilizando materiais, útiles e medios en función da zona e do proceso. Seleccionar os equipamentos e os medios, e realizouse o axuste dos parámetros de uso, de aplicación e de secado. Realizar aplicacións aerográficas consonte as normas de distancia de aplicación, velocidade, carga, abano e tempo de evaporación, etc. Verificar que tipo de fondo necesita a cor escollida e fíxose a correspondente aplicación previa á aplicación de tinte de cor. Valorar a rendibilidade nos procesos de esfumado. Aplicar as técnicas de esfumado e conseguíuse a igualación da cor da aplicación coa do vehículo. | 48 | 20 |
| 7 | Defectos no pintado de vehículos. | Realizar organigramas en que se relacionen os defectos de pintado coas súas causas. Identificar os defectos de pintado e determinouse o proceso idóneo para os corrixir. Seleccionar as ferramentas e os equipamentos requiridos en función do defecto que haxa que corrixir, e axustáronse os parámetros. Identificar as causas dos defectos no pintado e definíronse as medidas necesarias para impedir que se volvan producir. Corrixir defectos de pintado imputables á preparación, á aplicación, á instalacións, etc., con aplicación do procedemento máis rendible. Verificar a eliminación dos defectos e que a superficie reparada cumpra as características de brillo, igualación de cor e flop, etc. | 9 | 5 |
| 8 | Personalización de vehículos: Aerografía e serigrafía. | Xustificar o tipo de personalización en función das características do vehículo e da mensaxe que se pretende transmitir. Elaborar o bosquejo da personalización que haxa que realizar. Determinar as fases do proceso en función do bosquejo. Realizar as máscaras precisas para a definición dos adornos e dos rótulos. Efectuar rotulacións e franxamentos consonte especificacións dadas. Realizar máscaras para persoalización con adhesivos vinílicos. Verificar que o acabado cumpra as especificacións técnicas e a calidade requirida. | 11 | 10 |



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 1 | Prevención de riscos e tratamento de residuos | 3 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA3.2 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA3.3 Relaciónáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA3.4 Descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA3.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA3.6 Clasificáronse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA3.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA3.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Prevención e protección colectiva. |
| Riscos inherentes ao taller de carrozaría. |
| Medios de prevención. |
| Equipamentos de protección individual ou EPI. |
| Sinalización no taller. |
| Seguridade no taller. |
| Fichas de seguridade. |
| Xestión ambiental. |



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 2 | Productos e técnicas de preparación e igualación de superficies | 15 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA1 - Determina o proceso de reparación para aplicar, logo da análise das características das capas de protección e igualación de superficies. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Descríbense os factores de ataque da corrosión ao vehículo e os procesos de protección activa e pasiva. |
| CA1.2 Explicáronse as características dos produtos utilizados na protección e na igualación de superficies, en relación coas zonas do vehículo e cos procesos. |
| CA1.3 Explicáronse os procesos de recincaxe en reparación. |
| CA1.4 Descríbense as características dos equipamentos, das máquinas e dos medios en relación cos procesos. |
| CA1.5 Identifícanse as capas de protección das superficies, mediante procesos de lixadura. |
| CA1.6 Relaciónanse os produtos para utilizar coas capas de protección e igualación, en función do material do elemento (metálico ou sintético). |
| CA1.7 Identifícase o tipo de pintura do vehículo (sintética, acrílica, monocapa, bicapa, etc.) mediante a técnica do disolvente e da lixa. |
| CA1.8 Selecciónase o procedemento de traballo segundo especificacións de fábrica. |
| CA1.9 Determinouse a secuencia de operacións seguindo o procedemento establecido. |
| CA1.10 Determinouse o acabamento para cumprir as especificacións técnicas e a calidade requirida. |
| CA1.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA1.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Procesos de preparación e igualación de superficies en fabricación. |
| Corrosión nos materiais metálicos. |
| Protección activa e pasiva: ensaios de curta e longa duración. |
| Documentación técnica e simboloxía de fabricantes de pintura e de vehículos. |
| Produtos de protección e igualación de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de masillas, aparellos, seladores e produtos anticorrosivos e de recincaxe. |
| Técnicas de protección e igualación de superficies. |
| Funcións e competencias da xefatura da área de pintura. |



Contidos

Equipamentos, medios e máquinas da área de pintura, e a súa distribución lóxica para obter a súa rendibilidade.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Aplicación de productos de preparación de superficies | 82 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA2 - Aplica técnicas de protección, igualación, selamento e insonorización de superficies, para o que interpreta procedementos de traballo. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Efectuáronse os procesos de decapaxe, preparación e limpeza da zona que se repare, e comprobouse o estado da superficie. |
| CA2.2 Interpretouse a documentación técnica, tendo en conta a relación entre a simboloxía, as especificacións, o proceso e os produtos para aplicar. |
| CA2.3 Valoráronse os materiais e os tempos empregados nos procesos de protección e igualación de superficies, axustados aos especificados pola fábrica do vehículo. |
| CA2.4 Realizouse a preparación de produtos seguindo as regras de proporcionalidade e viscosidade. |
| CA2.5 Realizouse o axuste de parámetros dos equipamentos e das instalacións. |
| CA2.6 Realizouse o enmascaramento nas zonas que non se vaian pulverizar. |
| CA2.7 Seleccionáronse e aplicáronse produtos anticorrosivos, de recheo, seladores, espumas, insonorizantes, etc., logo de determinar a zona de aplicación. |
| CA2.8 Efectuáronse procesos de recincaxe en reparación. |
| CA2.9 Realizouse a secuencia de operacións seguindo o procedemento establecido, segundo especificacións de fábrica. |
| CA2.10 Comprobouse que o traballo realizado cumpra a calidade requirida. |
| CA2.11 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA2.12 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Proteccións anticorrosivas en reparación. |
| Procesos de preparación de superficies. |
| Procesos de aplicación. |
| Procesos de recincaxe en reparación. |
| Masillas de recheo: tipos, características e aplicación. |
| Lixadura: técnicas, equipamentos e ferramentas. |
| Aparellos: tipos e procesos de aplicación. |



Contidos

Realización de mesturas e preparación dos produtos.

Equipamentos e técnicas para o secado do produto.

Disolventes, diluentes, activadores, catalizadores e aditivos.

Procesos de enmascaramento: características e usos dos medios de enmascaramento.

Baremación na reparación de pinturas.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Productos e técnicas de embebecemento de superficies | 18 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Determina o proceso de reparación para aplicar, logo da análise das características das capas de embebecemento de superficies. | SI |
| RA5 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA1.1 Explicáronse as características dos produtos utilizados no embebecemento de superficies, en relación coas zonas do vehículo e cos procesos. |
| CA1.2 Descríbense as características dos equipamentos, das máquinas e dos medios en relación cos procesos. |
| CA1.3 Identifícanse as capas de protección das superficies, mediante procesos de lixadura. |
| CA1.4 Relacionáronse os produtos para utilizar coas capas de protección, igualación e embebecemento, en función do material do elemento (metálico ou sintético). |
| CA1.5 Identifícase o tipo de pintura do vehículo (sintética, acrílica, monocapa, bicapa, etc.) mediante a técnica do disolvente e da lixa. |
| CA1.6 Seleccionouse o procedemento de traballo segundo especificacións de fábrica. |
| CA1.7 Determinouse a secuencia de operacións seguindo o procedemento establecido. |
| CA1.8 Determinouse o acabado para cumprir as especificacións técnicas e a calidade requirida. |
| CA1.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA1.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA5.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA5.2 Identifícanse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA5.3 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA5.4 Descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA5.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA5.6 Clasifícanse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA5.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA5.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |

4.4.e) Contidos



Contidos

Procesos de embelecemento de superficies en fabricación.

Documentación técnica e simboloxía de fabricantes de pintura e de vehículos.

Produtos de embelecemento de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de pinturas e vernices.

Técnicas de embelecemento de superficies.

Funcións e competencias da xefatura da área de pintura.

Equipamentos, medios e máquinas da área de pintura, e a súa distribución lóxica para obter a súa rendibilidade.

Prevención e protección colectiva.

Riscos inherentes ao taller de carrozaría.

Medios de prevención.

Equipamentos de protección individual ou EPI.

Sinalización no taller.

Seguridade no taller.

Fichas de seguridade.

Xestión ambiental.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 5 | Preparación de pintura | 6 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Aplica as técnicas de colorimetría para obter a cor da pintura do vehículo, e analiza as regras de formulación e mestura estipuladas. | SI |
| RA5 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Explicáronse as técnicas de colorimetría para a obtención de cores a partir das básicas. |
| CA2.2 Explicouse a distribución das cores nun círculo cromático e a utilización deste. |
| CA2.3 Identificouse a cor da pintura do vehículo mediante o código da placa de características e a carta de cores. |
| CA2.4 Identificáronse os produtos que haxa que mesturar para a obtención da pintura, para o que se interpretou a documentación técnica de fábrica. |
| CA2.5 Realizouse a mestura de produtos segundo especificacións, cos medios estipulados. |
| CA2.6 Realizáronse ensaios na cámara cromática, e efectuáronse axustes de cor en casos necesarios. |
| CA2.7 Realizouse a activación da pintura respectando as regras de proporcionalidade e viscosidade. |
| CA2.8 Realizouse o pintado de probetas e verificouse a coincidencia coa cor do vehículo. |
| CA2.9 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA2.10 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA5.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA5.2 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA5.3 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA5.4 Descríbóronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA5.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA5.6 Clasificáronse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA5.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA5.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |

4.5.e) Contidos



Contidos

Función da cor. Percepción da cor: a luz, o ollo e o obxecto.

Colorimetría: principios elementais.

Circulo cromático.

A cor na carrozaría.

Identificación da pintura do vehículo.

Formulación da pintura. Axustes de cor.

Orientacións prácticas para a mestura e a igualación de cores.

Útiles e equipamentos empregados na elaboración da pintura.

Prevenición e protección colectiva.

Riscos inherentes ao taller de carrozaría.

Medios de prevención.

Equipamentos de protección individual ou EPI.

Sinalización no taller.

Seguridade no taller.

Fichas de seguridade.

Xestión ambiental.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 6 | Pintado de superficies | 48 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Aplica as técnicas de embelecemento de superficies, para o que interpreta as especificacións dadas e os procedementos definidos. | NO |
| RA5 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Interpretouse a documentación técnica do fabricante da pintura, e determináronse os parámetros para axustar e a técnica de aplicación. |
| CA3.2 Valoráronse materiais e tempos empregados no pintado de superficies, axustándose aos baremos establecidos. |
| CA3.3 Enmascaráronse as superficies que non se vaian pintar, utilizando materiais, útiles e medios en función da zona e do proceso. |
| CA3.4 Seleccionáronse os equipamentos e os medios, e realizouse o axuste dos parámetros de uso, de aplicación e de secado. |
| CA3.5 Realizáronse aplicacións aerográficas consonte as normas de distancia de aplicación, velocidade, carga, abano e tempo de evaporación, etc. |
| CA3.6 Verificouse que tipo de fondo necesita a cor escollida e fíxose a correspondente aplicación previa á aplicación de tintura de cor. |
| CA3.7 Valorouse a rendibilidade nos procesos de esfumado. |
| CA3.8 Aplicáronse as técnicas de esfumado e conseguíuse a igualación da cor da aplicación coa do vehículo. |
| CA3.16 Aplicáronse normas de orde e limpeza. |
| CA3.17 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva. |
| CA3.18 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA5.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA5.2 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA5.3 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA5.4 Descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA5.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA5.6 Clasificáronse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA5.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA5.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |



4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Pintado en reparación. |
| OMaterial auxiliar e o seu emprego. |
| Pinturas de reparación: bicapas, tricapas e con efectos de acabado (metalizados, perlados, etc.). |
| Parámetros para ter en conta nos procesos de aplicación e nos equipamentos. |
| Aditivos das pinturas de acabado. |
| Tipos de pistolas segundo a súa constitución: gravidade, aspiración e retoques. |
| Tipos de pistolas segundo o seu poder de transferencia: estándar, HVLP, híbridas, etc. |
| Procesos de pintado. |
| Barefacción dos procesos de pintura de acabado. |
| O esfumado e as súas técnicas de aplicación. |
| Prevención e protección colectiva. |
| Riscos inherentes ao taller de carrozaría. |
| Medios de prevención. |
| Equipamentos de protección individual ou EPI. |
| Sinalización no taller. |
| Seguridade no taller. |
| Fichas de seguridade. |
| Xestión ambiental. |



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------------------|----------|
| 7 | Defectos no pintado de vehículos. | 9 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Identifica os defectos producidos na aplicación de pinturas, e analiza as súas causas e os procesos da súa corrección. | SI |
| RA5 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Realizáronse organigramas en que se relacionen os defectos de pintado coas súas causas. |
| CA4.2 Identificáronse os defectos de pintado e determinouse o proceso idóneo para os corrixir. |
| CA4.3 Seleccionáronse as ferramentas e os equipamentos requiridos en función do defecto que haxa que corrixir, e axustáronse os parámetros. |
| CA4.4 Identificáronse as causas dos defectos no pintado e definíronse as medidas necesarias para impedir que se volvan producir. |
| CA4.5 Corrixíronse defectos de pintado imputables á preparación, á aplicación, á instalacións, etc., con aplicación do procedemento máis rendible. |
| CA4.6 Verificouse a eliminación dos defectos e que a superficie reparada cumpra as características de brillo, igualación de cor e flop, etc. |
| CA4.7 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA4.8 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos, e coa orde e a limpeza establecidas. |
| CA5.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA5.2 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA5.3 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA5.4 Descríronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA5.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA5.6 Clasificáronse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA5.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA5.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise dos defectos en pintura. |
| Valoración do defecto e determinación do dano e da causa. |



Contidos

Defectos e danos da pintura.

Puimento e abrillantamento da pintura.

Técnicas e procesos de eliminación de defectos de pintura.

Produtos empregados.

Prevenición e protección colectiva.

Riscos inherentes ao taller de carrozaría.

Medios de prevención.

Equipamentos de protección individual ou EPI.

Sinalización no taller.

Seguridade no taller.

Fichas de seguridade.

Xestión ambiental.



4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 8 | Personalización de vehículos: Aerografía e serigrafía. | 11 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Aplica as técnicas de embelecemento de superficies, para o que interpreta as especificacións dadas e os procedementos definidos. | NO |
| RA5 - Aplica as medidas de prevención de riscos, de seguridade persoal e de protección ambiental, con valoración das condicións de traballo e os factores de risco. | SI |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.9 Xustificouse o tipo de personalización en función das características do vehículo e da mensaxe que se pretende transmitir. |
| CA3.10 Elaborouse o bosquexo da personalización que haxa que realizar. |
| CA3.11 Determináronse as fases do proceso en función do bosquexo. |
| CA3.12 Realizáronse as máscaras precisas para a definición dos adornos e dos rótulos. |
| CA3.13 Efectuáronse rotulacións e franxamentos consonte especificacións dadas. |
| CA3.14 Realizáronse máscaras para persoalización con adhesivos vinílicos. |
| CA3.15 Verificouse que o acabado cumpra as especificacións técnicas e a calidade requirida. |
| CA3.16 Aplicáronse normas de orde e limpeza. |
| CA3.17 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva. |
| CA3.18 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |
| CA3.19 Efectuáronse as operacións cos coidados requiridos. |
| CA5.1 Avaliouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de seguridade. |
| CA5.2 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo do taller de carrozaría. |
| CA5.3 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde do persoal. |
| CA5.4 Descríbense os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais do ámbito do taller de carrozaría. |
| CA5.5 Determináronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia. |
| CA5.6 Clasificáronse os residuos atendendo á súa toxicidade, ao impacto ambiental e á posterior retirada selectiva. |
| CA5.7 Aplicouse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección persoal e colectiva nos procesos de traballo. |
| CA5.8 Demostrouse unha actitude de atención e colaboración nas actividades realizadas. |



4.8.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Aerógrafo: tipos, características e manexo. |
| Material auxiliar e o seu emprego. |
| Técnicas de aerografía: luces e sombras, efectos de volume, perspectivas, comunicación corporativa e anuncios. |
| Procesos de rotulados, adornos con franxas, e liñas degradadas e esfumadas. |
| Tipos de vinilos para personalización de vehículos. |
| Técnica de pegado de vinilos. |
| Calidade dos produtos aplicados e ancoraxe nas superficies. |
| Plasmación de obxectos sobre a superficie. Control da calidade final nos procesos de pintura. |
| Procesos de rotulación e franxamento. |
| Prevención e protección colectiva. |
| Riscos inherentes ao taller de carrozaría. |
| Medios de prevención. |
| Equipamentos de protección individual ou EPI. |
| Sinalización no taller. |
| Seguridade no taller. |
| Fichas de seguridade. |
| Xestión ambiental. |



5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Mínimos esixibles

Proñcesos de preparación e igualación de superficies en fabricación

Corrosión nos materiais metálicos.

Protección activa e pasiva: ensaios de curta e longa duración.

Documentación técnica e simboloxía de fabricantes de pintura e de vehículos.

Produtos de protección e igualación de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de masillas, aparellos, seladores e produtos anticorrosivos e de recincaxe.

Técnicas de protección e igualación de superficies.

Funcións e competencias da xefatura da área de pintura.

Equipamentos, medios e máquinas da área de pintura, e a súa distribución lóxica para obter a súa rendibilidade.

BC2. Protección e igualación de superficies

Proteccións anticorrosivas en reparación.

Masillas de recheo: tipos, características e aplicación.

Lixadura: técnicas, equipamentos e ferramentas.

Aparellos: tipos e procesos de aplicación.

Realización de mesturas e preparación dos produtos.

Equipamentos e técnicas para o secado do produto.

Disolventes, diluentes, activadores, catalizadores e aditivos.

Procesos de enmascaramento: características e usos dos medios de enmascaramento.

Baremación na reparación de pinturas.

Procesos de preparación de superficies.

Procesos de aplicación.

Procesos de recincaxe en reparación.

BC3. Prevención de riscos laborais e protección ambiental

Prevención e protección colectiva.

Riscos inherentes ao taller de carrozaría.

Medios de prevención.

Equipamentos de protección individual ou EPI.

Sinalización no taller

Seguridade no taller

Fichas de seguridade

Xestión ambiental

Procesos de embelecemento de superficies en fabricación.

Documentación técnica e simboloxía de fabricantes de pintura e de vehículos.

Produtos de embelecemento de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de pinturas e vernices.

Técnicas de embelecemento de superficies.

Funcións e competencias da xefatura da área de pintura.

Equipamentos, medios e máquinas da área de pintura, e a súa distribución lóxica p obter a súa rendibilidade.

Función da cor. Percepción da cor: a luz, o ollo e o obxecto.

Colorimetría: principios elementais.

Círculo cromático.



A cor na carrozaría.
Identificación da pintura do vehículo.
Formulación da pintura. Axustes de cor.
Orientacións prácticas para a mestura e a igualación de cores.
Útiles e equipamentos empregados na elaboración da pintura.
Pintado en reparación.
Pinturas de reparación: bicapas, tricapas e con efectos de acabado (metalizado perlado, etc.).
Parámetros para ter en conta nos procesos de aplicación e nos equipamentos.
Aditivos das pinturas de acabado.
Tipos de pistolas segundo a súa constitución: gravidade, aspiración e retoques.
Tipos de pistolas segundo o seu poder de transferencia: estándar, HVLP, híbridas, etc.
Procesos de pintado.
Barefacción dos procesos de pintura de acabado.
O esfumado e as súas técnicas de aplicación.
Material auxiliar e o seu emprego.
Aerógrafo: tipos, características e manexo.
Material auxiliar e o seu emprego.
Técnicas de aerografía: luces e sombras, efectos de volume, perspectivas, comunicación corporativa e anuncios.
Procesos de rotulados, adornos con franxas, e liñas degradadas e esfumadas.
Tipos de vinilos para personalización de vehículos.
Técnica de pegado de vinilos.
Calidade dos produtos aplicados e ancoraxe nas superficies.
Plasmación de obxectos sobre a superficie. Control da calidade final nos procesos de pintura.
Procesos de rotulación e franxamento.
Análise dos defectos en pintura.
Valoración do defecto e determinación do dano e da causa.
Defectos e danos da pintura.
Pulimento e abrillantamento da pintura.
Técnicas e procesos de eliminación de defectos de pintura.
Produtos empregados.
Prevención e protección colectiva.
Riscos inherentes ao taller de carrozaría.
Medios de prevención.
Equipamentos de protección individual ou EPI.
Sinalización no taller.
Seguridade no taller.
Fichas de seguridade.
Xestión ambiental.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

Dous exames teórico-prácticos (un por avaliación), cun peso do 50%



Dous exames prácticos + notas do taller (un por avaliación), cun peso do 50%

Nos exames (Tipo test) para o valor de cada pregunta , dividirase o total de preguntas entre dez, sendo necesario acadar un 5 para o aprobado, cada resposta fallada descontará a metade do seu valor

Nas notas de taller ,aparte dos propios coñecementos mínimos, o profesor poderá ponderar persoalmente a actitude do alumno á hora de valorar o seu rendemento, buscando conceptos como: orden, limpeza, atención, detalle, etc.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que haxa alumnado que teña que recuperar este módulo, terá que levar a cabo unha serie de exercicios, tanto prácticos como teóricos, coa finalidade de que poida acadar os coñecementos e os procedementos mínimos esixibles establecidos nesta programación.

As actividades de carácter teórico que poderán ser realizadas de forma autónoma polo alumnado e sempre baixo a supervisión e o apoio do profesorado, serán as seguintes:

- Productos de protección e igualación de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de masillas, aparellos, seladores e produtos anticorrosivos e de recincaxe
- Lixadura: técnicas, equipamentos e ferramentas.
- Aparellos: tipos e características.
- Procesos de enmascaramento: características e usos dos medios de enmascaramento.
- Procesos de recincaxe en reparación.
- Equipamentos de protección individual ou EPI.
- Productos de embelecemento de superficies: composición, características e propiedades dos tipos de pintura e vernices.
- Colorimetría: círculo cromático e cores primarios e secundarios.
- Equipamentos, medios e máquinas da área de pintura.
- Pinturas de reparación: bicapas, tricapas e con efectos de acabado (metalizados, perlados, etc.).
- Defectos e danos da pintura.

As actividades de carácter práctico que se levarán a cabo nos talleres, serán as seguintes:

- Facer un proceso de preparación e igualación de superficies sobre unha peza do taller.
- Facer un Proceso de enmascaramento sobre un vehículo do taller.
- Desarrollar a práctica de embelecemento de superficies en acabado bicapa.
- Práctica de esfumado e as súas técnicas de aplicación.
- Práctica do un proceso de rotulación e adorno con franxas.
- Práctica de pulimento e abrillantamento da pintura.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que acade un número de faltas de asistencia igual ou superior ao 10% da duración total do módulo (20 sesións) perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria antes da terceira avaliación, para superar este módulo.

Nesta proba, o alumnado terá que demostrar que posúe os coñecementos mínimos esixibles de cada un dos bloques de contidos desta programación.

Esta proba constará de dúas partes:

- 1ª parte: proba teórica que versará sobre os contidos de cada unha das unidades formativas do currículo do módulo
- 2ª parte: proba práctica na que se levará a cabo como mínimo unha das pezas realizadas polo alumnado en cada trimestre

Nota: a primeira parte da proba celebrárase nun único día. A segunda parte poderá durar máis dun día. Aquele alumnado que non supere a primeira



parte da proba, non poderá realizar a segunda parte.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para levar a cabo o seguimento da programación, o equipo docente, formado por todos os profesores que imparten clase no grupo de 2º de CS automoción, celebraremos, unha vez ao mes, unha xuntanza para analizar o grao de cumprimento das programacións. Para facer este seguimento utilizarase o modelo establecido polo sistema de xestión da calidade implantado no centro, no que se concretarán, tanto o grao de cumprimento da programación, como as modificacións levadas a cabo na mesma, coa xustificación do por qué destas modificacións, así como as propostas de mellora da mesma. Este documento servirá de base para a elaboración da programación do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao principio de curso, unha vez pechado o prazo de matrícula, o equipo docente celebraremos unha xuntanza de avaliación inicial para coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a. Nesta avaliación o titor/a dará toda a información dispoñible sobre as características xerais do grupo.

En base a toda esta información tomaranse os acordos pertinentes, especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización modular na duración das ensinanzas.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos en que o alumnado non acade os obxectivos mínimos establecidos en cada avaliación, estableceranse medidas de reforzo para que poida acadar os mínimos previstos nesta programación.

Estas medidas consistirán en traballos que poidan ser efectuados de forma autónoma polo alumnado, baixo a supervisión e colaboración do profesor, e na repetición daqueles traballos de taller nos que non acadou o mínimo esixible.

Tamén en aqueles casos que sexa pertinente poderá levarse a cabo unha flexibilización modular na duración das ensinanzas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A enseñanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante e plural, continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia: fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio.

Educación para a saúde: neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz: fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes,



superando inhibicións

e prexuízos, recoñecendo e valorando as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación do consumidor: trataremos este tema mediante a análise de anuncios publicitarios televisivos, intentando fomentar unha actitude crítica e responsable fronte ó

consumo e os mecanismos do mercado.

Educación non sexista: identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas.

Educación ambiental: a través da visualización de documentais televisivos reflexionarase sobre problemas medioambientais, contemplando posibles solucións.

Educación vial: fomentaranse condutas e hábitos de seguridade vial encamiñadas a facer un uso correcto da vía pública, analizando criticamente as mensaxes verbais relacionadas cos automóviles.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias son aquelas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan.

As actividades extraescolares son aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo Consello Social, se realizan fóra do horario lectivo e nas que a participación do alumnado é voluntaria.

Consideramos que as actividades complementarias e extraescolares son outro dos baremos que mide a calidade educativa, polo que debemos fomentalas e procurar unha participación importante do alumnado nas mesmas.

As visitas técnicas deben de estar conectadas coas actividades de ensino-aprendizaxe desenvolvidas no centro educativo, co fin de fomentar a relación co contorno productivo e actuar como reforzo dun conxunto coherente de tarefas realizadas na aula, por iso, en calquera caso, estas visitas deben de ter obxectivos concretos e programados e deben organizarse dun xeito que non impliquen unha ruptura co proceso xeral de ensino-aprendizaxe do ciclo. A visita técnica debe procurar un achegamento á realidade profesional á que está vinculada a competencia profesional do título, por iso, contemplaremos nas actividades varias visitas a empresas relacionadas co sector do metal e se coincidise con alguna feira do sector, tamén se podería intentar asistir a ela.

30 xaneiro - día da paz

8 marzal - día internacional da muller

24 abril día do libro

17 Maio día das letras galegas

5 xuño día do medio ambiente

Estes días realizaranse actividades transversais en colaboración co DIOP, co departamento e con orientación, tratando de involucrar, informar e orientar ó noso alumnado nas distintas problemáticas que abranguen cada unha destas datas, como axuda transversal á súa formación.